



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Socioloxía	Código	652G03005	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como finalidade promover unha comprensión reflexiva e crítica da sociedade da que o educador social forma parte, tratando de ampliar a súa visión dos distintos contextos e variados ámbitos nos que desempeña o seu labor profesional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Realización adecuada das tarefas: neste sentido, enténdese que unha realización adecuada ou correcta inclúe unha entrega puntual dos traballos, e que estes se realizaron a computador. Ademais, cando teñas que redactar o exame final este debe aparecer ben estruturado e redactado e sen faltas de ortografía.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 A13 A20	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6 C7 C8
Organización adecuada do tempo: que aprendas a distribuír e priorizar tarefas, para non ter que facer as cousas no último minuto, ou ter que expor en clase sen preparar ben o tema.		B1 B6	C6
Desenvolvemento de habilidades interpersoais: refírome á capacidade de traballar en equipo, que che obrigará a coordinar che cos teus compañeiros, a resolver conflitos, a ceder e negociar.		B3 B5 B6	C1
Xestión de problemas: sen dúbida terás que solucionar dificultades de diverso tipo, porque quizá non atopas sempre o texto que queres na Biblioteca, e terás que ver como o resolves...	A20	B1 B3	C6 C7
Desenvolvemento de habilidades lingüísticas: a comunicación e a expresión oral quizais resultarache algo difícil en ocasións, pero é necesario adestrarse...		B6	C1 C7



Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 A13 A20	B1 B2 B4 B5	C4 C6 C8
Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.	A1 A3 A5	B5	
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.	A5 A8 A11 A20	B4 B5 B6	C4
Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.	A6 A9 A13	B2 B3 B4 B6	C1 C6
Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.	A4 A5 A8 A20	B1 B3 B4	C4
Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.	A6 A9 A10 A11 A13 A20	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6 C8
Analizar, difundir, xestionar, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.	A10 A11 A20	B1 B2 B5 B6	C1 C4
Observar, analizar, interpretar, facilitar e favorecer procesos de mediación social, cultural e educativa.	A11 A20	B1 B5	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1.- PENSANDO SOCIOLÓXICAMENTE	1.1.- Por que é necesario estudar humanidades e ciencias sociais? 1.2.- O carácter científico da socioloxía e o seu obxecto de estudo 1.3.- O xurdimento da socioloxía como ciencia 1.4.- As orixes da teoría sociolóxica: Comte e Saint-Simon



TEMA 2.- FERRAMENTAS METODOLÓXICAS NO ESTUDO DA SOCIOLOXÍA. O COÑECEMENTO DO MEDIO SOCIAL	<p>2.1.- A metodoloxía cuantitativa e cualitativa nas Ciencias Sociais</p> <p>2.2.- As fontes secundarias de información estatística e a enquisa.</p> <p>2.3.- A observación participante</p> <p>2.4.- A entrevista en profundidade</p> <p>2.5.- O grupo de discusión</p> <p>2.6.- As etapas da investigación social</p>
TEMA 3.- OS PARADIGMAS TEÓRICOS DA SOCIOLOXÍA CLÁSICA E A SÚA OPERATIVIDADE NA SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<p>3.1.- O paradigma funcionalista representado por Émile Durkheim</p> <p>3.2.- A teoría do conflito e o pensamento de Karl Marx</p> <p>3.3.- Tipos de dominación e educación en Max Weber</p> <p>3.4.- Outras achegas á socioloxía da educación</p>
TEMA 4.- A SOCIALIZACIÓN	<p>4.1.- Cultura, sociedade e personalidade</p> <p>4.2.- O proceso de socialización</p> <p>4.3.- Os axentes de socialización</p>
TEMA 5.- A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DO XÉNERO: NON NACÍN MULLER, FÍXENME	<p>5.1.- A construción social das diferenzas sexuais</p> <p>5.2.- A división sexual do traballo</p> <p>5.3.- Espazo privado/público</p>
TEMA 6.- EXCLUSIÓN SOCIAL, ESTRATIFICACIÓN E CLASES SOCIAIS	<p>6.1.- Estratificación social</p> <p>6.2.- Desigualdades sociais</p> <p>6.3.- Clases sociais</p> <p>6.4.- Exclusión social e pobreza</p>
TEMA 7.- O ESTADO DE BENESTAR. AS DESIGUALDADES SOCIAIS E AS RESPOSTAS DAS POLÍTICAS PÚBLICAS	<p>7.1.- As desigualdades sociais</p> <p>7.2.- O estado do Benestar</p>
TEMA 8.- A GLOBALIZACIÓN. INMIGRACIÓN E DIVERSIDADE CULTURAL	<p>8.1.- A globalización</p> <p>8.2.- Os modelos de integración social: asimilacionismo, segregacionismo, multiculturalismo e interculturalidade</p> <p>8.3.- O proceso de inmigración en España e en Europa</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A13 A20 B5 B6 C1 C4 C7 C8	14	0	14
Lecturas	A1 A2 A3 A4 B1 B6 C1 C7	0	30	30
Traballos tutelados	A10 A11 A20 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	21	30	51



Portafolios do alumno	A10 A11 A20 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	2	10	12
Proba de ensaio	A1 A2 B1 B5 B6 C1	3	30	33
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor. Expón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación.</p> <p>Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo dos estudantes.</p> <p>Aínda cos condicionantes sinalados, a clase expositiva pode achegar unha gran capacidade pedagóxica se se cumpren algúns requisitos previos:</p> <p>Reducir a práctica do ditado de apuntamentos axilizando a procura de información individual do alumno.</p> <p>Motivar a lectura previa dos alumnos sobre os temas a tratar en cada clase.</p> <p>Promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema.</p> <p>Desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratados.</p> <p>Contar cun tempo suficiente para cada sesión que posibilite unha exposición previa do tema por parte do profesor, un debate da clase sobre esta exposición e un tempo final para extraer as conclusións teóricas e a análise das formulacións que aparecesen e das súas implicacións.</p> <p>Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo de alumnos (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser máis difíciles de acceder ou de assimilar. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.</p>
Lecturas	<p>Nalgúns temas do programa existen un número determinado de lecturas obrigatorias que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistras, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia.</p> <p>Ademais, nalgúns sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates e para saber interpretar resultados cuantitativos e cualitativos.</p>



Traballos tutelados	<p>Hai dous tipos de traballos tutelados, as prácticas realizadas en clase (de forma individual ou grupal) e un traballo de maior extensión, grupal, sobre un tema sociolóxico (e a súa exposición oral).</p> <p>O traballo grupal está exposto como un traballo de desenvolvemento sobre algún dos temas da materia. Este traballo é a ocasión para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia. Por iso, os temas do traballo debes escollelos vós mesmos e deben estar relacionados preferiblemente con algún tema visto na materia e enfocado desde unha perspectiva sociolóxica.</p> <p>Debe presentarse nun formato científico, tanto no que se refire a forma e tamaño, como en canto á estrutura do texto, a presentación, referencias bibliográficas, etc.</p> <p>Este tipo de traballo inclúe a asistencia a unha tutoría obrigatoria.</p>
Portafolios do alumno	Para ter un rexistro adecuado do teu traballo é necesario entregarme unha ficha cunha fotografía recente e para coñecer a evolución da túa aprendizaxe e os teus progresos confeccionarase un portafolio. O portafolio consiste nun cartafol na que deberás ir gardando todos os traballos, as tarefas e os exercicios que realices, é como un rexistro da túa actividade na materia.
Proba de ensaio	Exame final sobre os contidos da materia explicados nas sesións maxistras e nos recolleitos nas lecturas obrigatorias. A data é marcada oficialmente pola UDC.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Lecturas Traballos tutelados Sesión maxistral	Para a realización dos traballos tutelados contaredes coa miña presenza na aula durante as sesións en grupos medianos e reducidos e, ademais, poderedes programar as tutorías que considereis necesarias (hai unha obrigatoria para preparar o traballo grupal). Tamén estarei dispoñible vía virtual enviándome vosas cuestións por e-mail.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A1 A2 B1 B5 B6 C1	Exame escrito con preguntas breves e de desenvolvemento.	40
Traballos tutelados	A10 A11 A20 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	Prácticas realizadas en clase e traballo en grupo sobre un tema da materia que deberá ser analizado desde unha perspectiva sociolóxica (o 30% da nota depende das prácticas, asistencia e participación e, o 30% restante, do traballo e a súa exposición).	60

Observacións avaliación

Todas as actividades, tarefas e traballos a realizar ao longo do cuadrimestre van contabilizarse para a nota final. O conxunto de prácticas, tarefas grupales, asistencia e participación suporán o 60% da cualificación, o exame final o 40%. Desta forma valórase e compénsase todo o traballo realizado. As prácticas que se realizarán ao longo do cuadrimestre terán un contido variado. O exame final terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC. Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados como a proba de ensaio.
--

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - MACIONIS, J.J. Y K. PLUMMER (1999). Sociología. Madrid, Prentice Hall - GIDDENS, A. (2002). Sociología. Madrid, Alianza Editorial - FERNÁNDEZ, F. (2003). Sociología de la Educación. Madrid, Pearson - TABERNER, J. (1997). Teoría Sociológica y Educación. Córdoba, Universidad de Córdoba <p>Â</p>
----------------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - ALONSO, L.E (1998). La mirada cualitativa en sociología. Fundamentos, Madrid. - ALONSO, L.E. et al. (2004). Pierre Bourdieu, las herramientas del sociólogo. Madrid, Fundamentos - BARLEY, N. (1989). El antropólogo inocente. Barcelona, Anagrama - BAUMAN, Z. y MAY, T. (2007). Pensando sociológicamente. Buenos Aires, Nueva Visión. - BERTAUX, D. (2005). Los relatos de vida. Perspectiva etnosociológica. Barcelona, Bellaterra. - CARABAÑA, J. (2000). ?Títulos contra el paro: ¿protegen los estudios del desempleo?, en SÁEZ, F. (coord.), Formación y empleo: programa de economía familiar. Madrid, Fundación Argentaria - CASTELLS, M. y SUBIRATS, M. (2007). Mujeres y hombres: un amor imposible?. Madrid, Alianza. - FEITO, G. (1995). Estructura Social Contemporánea. Las clases sociales en los países industrializados. Madrid, Siglo XXI. - FERNÁNDEZ, M. (1996). Inmigración y Etnicidad. Madrid, Centro de Investigación y Documentación Educativa. - GARCÍA FERRANDO, M. (coord.) (1999). Pensar nuestra sociedad. Fundamentos de Sociología. Valencia, Tirant lo Blanch, 4ª edición. - GARCÍA FERRANDO, M; IBÁÑEZ, J.; ALVIRA, F. (comp.) (2000). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación social. Madrid, Alianza Universidad Textos, 3ª edición revisada - GIDDENS, A. (2002). Sociología. Madrid: Alianza Editorial, 4ª edición. - GINER, S. (1988). Historia del pensamiento social. Barcelona, Ariel - RITZER, G. (2001). Teoría sociológica clásica. Madrid, McGraw-Hill, 3ª edición. - RITZER, G (2002). Teoría sociológica moderna,. Madrid, McGraw-Hill, 5ª edición. - SHAW, I. (2003). La evaluación cualitativa. Introducción a los métodos cualitativos. Barcelona, Editorial Paidós Ibérica, S.A. - SUBIRATS, M. y TOMÉ, A. (2007). Balones Fuera: reconstruir los espacios de la coeducación. Barcelona, Octaedro. - SUBIRATS, M. y BRULLET, C. (1998). Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta. Madrid, Instituto de la Mujer - VALLES, M. (1997). Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid, Síntesis - VV.AA. (2008). Metodología de las Ciencias Sociales. Madrid, Editorial Tecnos
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías